

Orde pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán a concesión de axudas individuais destinadas á adquisición de servizos de promoción da autonomía persoal, así como á adquisición de servizos complementarios de asistencia persoal, a persoas con discapacidade, cofinanciada polo Fondo Social Europeo, con cargo ao P.E FESE Galicia 2014-2020, e se procede a súa convocatoria para o ano 2016.

*Dirección Xeral de Persoas Maiores e Persoas con Discapacidade
Subdirección Xeral da Dependencia e Valoración da Discapacidade*

Obxecto:

- Facilitar a adquisición de servizos de promoción da autonomía persoal.
- Facilitar a adquisición de servizos complementarios de asistencia persoal.
- Período: 01/01/2016-30/11/2016

Requisitos:

- Persoas que teñan recoñecida un grao de **discapacidade igual ou superior ao 33 %**
 - **Pensionistas** da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou gran invalidez; pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.
 - **Solicitantes** do recoñecemento do grao de discapacidade con anterioridade á data de publicación desta convocatoria, quedando condicionada a percepción da axuda a que lles sexa recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %.
- Servizos complementarios de **asistencia persoal**: ter **recoñecida a prestación de asistencia persoal (PIA)** a través do sistema para a autonomía e atención á dependencia (SAAD).

Requisitos:

- **Servizos de promoción da autonomía persoal: idoneidade**

A idoneidade valorarase de acordo ás dificultades ou carencias importantes na atención das necesidades da persoa solicitante ou na súa integración social, entendendo o concepto de necesidades nun sentido amplo: de subsistencia, de saúde, de carácter social, de desenvolvemento persoal persoal, de autonomía, etc., cun certo grao de intensidade.

Informe de oficio pola Unidade de Coordinación da dependencia da Subdirección Xeral da Dependencia e Valoración da Discapacidade.

Requisitos

- Residir na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Que a necesidade da axuda solicitada derive da tipoloxía de discapacidade recoñecida.
- Que as consecuencias derivadas da tipoloxía de discapacidade recoñecida, que sirvan de base para valorar a idoneidade da subvención concedida, manteñan a súa vixencia no período de referencia concretado no proxecto de intervención obxecto de subvención.
- Que a capacidade económica da persoa solicitante non supere o 400% do indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM) establecido para o ano 2016 (**2.130,04€**).
- Non percibir durante o ano 2016 outras axudas para o mesmo fin salvo que a axuda individual solicitada sexa complementaria da anteriormente concedida e neste caso ata o límite do 100% do gasto subvencionado.

Incompatibilidades

- Incompatibles coa percepción doutras prestacións do catálogo do SAAD así como a través dun recurso do Sistema Galego de Servizos Sociais incluído como prestación do catálogo do SAAD. **Excepcións:**
 - **Servizos complementarios de asistencia persoal.**
 - **Servizo de acompañamento e intérpretes,** sempre que se acredite a súa necesidade para a cobertura dunha necesidade diferente das que se lle da cobertura a través do sistema para a autonomía e atención á dependencia ou do sistema galego de servizos sociais.

Incompatibilidades

- Percepción doutras prestacións a través de entidades, organismos, asociacións, etc., que reciban financiamento por parte das Administracións Públicas a través de ordenes de subvencións, convenios, relacións contractuais, etc., cando da mesma se derive a ***gratuidade da prestación/servizo para a persoa usuaria***.
- ***Subsidiarias*** e, no seu caso, complementarias da carteira de servizos comúns de análoga natureza e finalidade do Servizo Galego de Saúde.
- Poderán ser ***complementarias***, ata o 100% do custo subvencionado, doutras liñas de actuación similares doutras Administracións/Organismos.

Nº de axudas solicitadas:

- **Regra xeral: unha axuda** por persoa solicitante vinculada a un só servizo de promoción da autonomía persoal ou a un servizo complementario de asistencia persoal.

Excepcións:

- **Transporte adaptado ou asistido.**
- **Servizo de acompañamento e intérpretes.**
- *Cando estes sexan necesarios para o disfrute do outro servizo de promoción da autonomía persoal.*

Actuacións subvencionables

- **Servizos de promoción da autonomía persoal.**
 - *Transporte adaptado ou asistido, deberá de xustificarse a vinculación deste servizo para o goce doutro servizo/prestación social, ou como medio de asistencia ao traballo ou a unha actividade formativa non obrigatoria do Sistema Público Educativo cando non se enmarque dentro do ámbito das competencias propias do Sistema Educativo.*
- **Servizo de asistencia persoal.**

Importe da subvención

- A determinación do importe das subvencións é un **custe unitario**, segundo a tipoloxía do servizo e o réxime de prestación, calculados como baremos estándar de custos unitarios.
- **Servizos complementarios de asistencia persoal** é un importe unitario de axuda de **11,94€/hora**, ata un máximo subvencionable de **2.005,90 €**.

0101 Servizos de prevención das situacións de dependencia e promoción da autonomía persoal	Coste Unitario	Importe máximo subvencionable
010102 Área do cuidador		
01010202 Servizo de respiro familiar a través da axuda a domicilio	13,75 €/hora	1.010,63 €
01010203 Servizo de respiro familiar a través da atención diúrna	728,82/mes	765,26 €
01010204 Servizo de respiro familiar a través da atención nocturna	724,47/mes	760,69 €
01010205 Servizo de respiro familiar a través da atención residencial	1078,96/mes	1.132,91 €
010103 Atención temperá (0-6 anos)		
01010301 Atención temperá (0-6 anos)	29,14 €/hora	1.468,66 €
010105 Área de promoción, mantemento e recuperación da autonomía funcional		
01010501 Apoio ás actividades básicas e instrumentais da vida diaria	18,06€/hora	1.820,45 €
01010502 Rehabilitación funcional (ximnasia, mantemento, etc.)	18,06€/hora	1.820,45 €
01010503 Fisioterapia (inclúe as técnicas relacionadas, como p.ex. hidroterapia)	24,42 €/hora	2.461,54 €
01010504 Outras terapias alternativas (musicoterapia, colorterapia, terapia con animais, etc.)	18,06€/hora	1.820,45 €
01010505 Logopedia	24,42 €/hora	2.461,54 €
01010506 Terapia ocupacional	24,42 €/hora	2.461,54 €
01010507 Estimulación cognitiva	24,42 €/hora	2.461,54 €
01010508 Estimulación sensorial	24,42 €/hora	2.461,54 €
01010509 Atención psicomotriz	33,18 €/hora	3.344,54 €
01010510 Atención psicolóxica	33,18 €/hora	3.344,54 €
01010511 Atención neuropsicolóxica	33,18 €/hora	3.344,54 €
01010512 Atención psiquiátrica	33,18 €/hora	3.344,54 €
01010513 Rehabilitación psicosocial	33,18 €/hora	3.344,54 €
01010514 Atención pedagóxica	33,18 €/hora	3.344,54 €
01010516 Podoloxía	25,26 €/hora	212,18 €
010106 Servizo de actividades e programas		
01010601 Actividades de ocio e tempo libre	22,62 €/hora	1.520,06 €
01010602 Xantar na casa	7 €/menú	1.788,50 €
01010603 Lavandería a domicilio	5 €/semana	168,00 €
010107 Supervisión e apoios puntuais en equipamentos especiais	728,82 €/mes	6.122,09 €
010108 Área de habilitación psicosocial		
01010801 Deseño de estratexias psicoeducativas	24,42 €/hora	2.461,54 €
01010802 Apoio á vida independente	33,18 €/hora	3.344,54 €
01010803 Servizo de acompañamento e intérpretes	22,85 €/hora	2.303,28 €
01010804 Fomento e promoción da inclusión social	22,85 €/hora	2.303,28 €
01010805 Adestramento de habilidades persoais e sociais	22,85 €/hora	2.303,28 €
01010806 Fomento do autocoidado físico	22,85 €/hora	2.303,28 €
010109 Servizo de apoio para o desenvolvemento profesional e social para persoas dependentes en idade laboral		
01010901 Formación prelaboral (habilidades básicas e polivalentes para o emprego)	33,18 €/hora	3.344,54 €
01010902 Formación ocupacional	33,18 €/hora	3.344,54 €
01010903 Formación práctico-laboral	33,18 €/hora	3.344,54 €
01010904 Emprego con apoio	33,18 €/hora	3.344,54 €
010110 Servizo de transporte adaptado e asistido	217,92 €/mes	1.830,53 €

Procedemento

- **Solicitud:** vía electrónica ou en soporte papel á *Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade.*
- **Prazo:** 2 meses

Documentación:

- **ANEXO III (SOLICITUDE)**
- **No suposto de non autorizar na solicitude:**
 - *DNI.*
 - *Certificado de convivencia do Padrón municipal.*
 - *Fotocopia compulsada do recoñecemento do grao de discapacidade ou, no seu caso, do grao de dependencia*
 - *Copia da declaración do IRPF, certificado de pensións emitido polo Instituto Nacional da Seguridade Social e declaración de toda clase de pensións e prestacións sociais percibidas.*
- **Proxecto de intervención detallado:**
 - *Entidade prestadora do servizo*
 - *RUEPSS: será suficiente con que a inscrición no RUEPSS se leve a cabo con anterioridade ao prazo de xustificación (30/11/2016). No suposto de servizos complementarios de asistencia persoal non será esixible este requisito mentres non estea aprobada a normativa que regule os requisitos de autorización e acreditación do servizo de asistencia persoal.*
 - *Orzamento detallado do gasto que se vai a realizar*
 - *Período de duración das intervencións e calendario programado.*
 - *Servizos e prestacións que se axustarán ás necesidades de atención da persoa solicitante.*
 - *Entidade/profesional prestadora do servizo.*

Documentación

- **ANEXOS Á SOLICITUDE**

- **Anexo IV** (representante)
 - **Anexo III:** Declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas para a mesma actuación ou gasto procedentes de calquera Administración pública ou ente público ou privado (Anexo Solicitud).
 - **Anexo VI:** Información relativa aos indicadores comúns de execución.
-
- No seu caso, a xustificación da necesidade do transporte adaptado ou asistido para o goce doutro servizo/prestación social, ou como medio de asistencia ao traballo ou a unha actividade formativa non obrigatoria do Sistema Público Educativo cando non se enmarque dentro do ámbito das competencias propias do Sistema Educativo.

Criterios de valoración

- **Capacidade económica:**

Ingresos líquidos anuais.

- Declaración do IRPF.
- No caso de que non exista a obrigaón de presentar declaración do IRPF, ou no suposto das pensións ou prestacións que estivesen exentas de tributación polo IRPF, tomarase o dato que obre en poder do Instituto Nacional da Seguridade Social, así como en calquera outra Administración, en canto ao importe das pensións ou prestacións recibidas no exercicio 2015.
- Cando a persoa solicitante teña persoas ao seu cargo, a súa renda incrementarase no importe das rendas do resto de persoas que dependan economicamente dela e o resultado obtido dividirase entre o número total de persoas.

Puntuación

1) Situación económica.

- -Capacidades económicas per cápita que non superen o 50% do IPREM: 50 puntos.
- Capacidades económicas per cápita que non superen o 60% do IPREM: 45 puntos.
- Capacidades económicas per cápita que non superen o 70% do IPREM: 40 puntos.
- Capacidades económicas per cápita que non superen o 80% do IPREM: 35 puntos.
- Capacidades económicas per cápita que non superen o 90% do IPREM: 30 puntos.
- Capacidades económicas per cápita que non superen o 100% do IPREM: 25 puntos.
- Capacidades económicas per cápita que non superen o 150% do IPREM: 20 puntos.
- Capacidades económicas per cápita que non superen o 200% do IPREM: 15 puntos.
- Capacidades económicas per cápita que non superen o 250% do IPREM: 10 puntos.
- Capacidades económicas per cápita que non superen o 300% do IPREM: 5 puntos.
- Capacidades económicas per cápita que superen o 300% do IPREM: 0 puntos.

Puntuación

2) Recoñecemento do grao de discapacidade:

- 100%/75%: 35 puntos
- 74%/66%: 25 puntos
- 65%/33%: 15 puntos

3) Recoñecemento do grao de dependencia:

- Grao III: 15 puntos.
- Grao II: 10 puntos.
- Grao I: 5 puntos.

4) No caso de igualdade de puntuación prevalecerá o solicitante que se atope con maior grao de discapacidade e, de manterse a igualdade de puntuación, a persoa solicitante con menor capacidade económica.

Resolución

- A resolución da concesión determinará o importe da axuda concedida.
- As persoas beneficiarias dispoñerán dun prazo de **dez días para a aceptación** da axuda, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa, entenderase tácitamente aceptada.
- **Pagos anticipados** que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación: **80% do importe da subvención** concedida no momento da resolución da concesión da mesma.
- Pago total: A DXMPD abonará ás persoas beneficiarias a contía restante da axuda concedida, despois da presentación da xustificación requirida.

Xustificación

Prazo de xustificación: O determinado no proxecto de Intervención. Por circunstancias debidamente acreditadas poderase ampliar este prazo, que en ningún caso, será superior ao **30 de novembro de 2016.**

Documentación a presentar: ANEXO V e ANEXO VII

- declaración da persoa beneficiaria da adquisición do servizo ao que se vincula a subvención, asinada pola entidade prestadora do servizo e onde se reflexará unha valoración profesional do cumprimento do proxecto de intervención e resultado do mesmo.
- declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma actuación, de calquera Administración ou ente público ou privado, estatal, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- información relativa aos indicadores de resultado inmediato.

Reintegro. Pérdida do dereito ao cobramento da subvención e reintegro da axuda.

- Non presentación da documentación de xustificación, Anexo V e VII: 100% da subvención.
- Obtención da subvención sen reunir os requisitos esixidos para a súa concesión, falseando as condicións requiridas para iso, ou ocultando aquelas que o impidisen: 100% da subvención.
- A realización parcial do proxecto de intervención sen causa xustificada (hospitalización, falecemento, etc.): reintegro proporcional da subvención.
 - Se a execución final do proxecto de intervención é inferior ao 50% do inicialmente previsto reintegro do 100%.
- Incumprimento dos deberes impostos pola Administración ás persoas beneficiarias con motivo da concesión da subvención ou axuda pública, así como dos compromisos polos mesmos asumidos, a condición de que afecten ou se refiran ao modo no que se conseguen os obxectivos, realízase a actividade, execútase o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamente a concesión da subvención, ou daqueles compromisos distintos dos anteriores, cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais: 100% da subvención.

Reintegro.

- Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro: reintegro do 100% da subvención.
- Incumprimento da obrigaón de comunicar ao órgano concedente a **solicitud** doutras axudas segundo o disposto nos artigos 10.1.f) e 16.3 desta orde, consideradas incompatibles segundo o réxime de incompatibilidades disposto no artigo 2 desta orde: reintegro do 10% da subvención .
- Incumprimento da obrigaón de comunicar ao órgano concedente a **solicitud** doutras axudas consideradas compatibles segundo o réxime de incompatibilidades disposto no artigo 2 desta orde: reintegro será do 5% da subvención.
- Incumprimento da obrigaón de comunicar ao órgano concedente a **obtención** doutras axudas segundo o disposto nos artigos 10.1.f) e 16.3 desta orde, consideradas **incompatibles** segundo o réxime de incompatibilidades disposto no artigo 2 desta orde: reintegro do 100% da subvención, e dos intereses de demora devengados desde o momento do seu pago ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro.
- Incumprimento da obrigaón de comunicar ao órgano concedente a **obtención** doutras axudas consideradas **compatibles** segundo o réxime de incompatibilidades disposto no artigo 2 desta orde: reintegro do exceso percibido da subvención e dos intereses de demora devengados desde o momento do seu pago ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro.

- Previsión publicación da orde: finais de febreiro
- Importe 2016: 730.185€
- Previsión nº estimado de persoas beneficiarias en 2016: 927